



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

**O.E.P. 2017-2018-2019  
BOMBEIRO, QUENDA LIBRE  
ACORDO DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E NOVAS PUNTUACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN, TEÓRICO TIPO TEST,**

O órgano de selección do proceso selectivo para a provisión en propiedade de prazas de funcionario de carreira bombeiro (C2), vacantes nos cadros de persoal do Concello Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, sistema de selección concurso oposición, doce prazas por quenda libre, (bases xerais e específicas publicadas no BOPPO 07/07/2020, rectificación de erros no BOPPO 26/10/2020), en sesións do día 18 e 19 de febreiro de 2021 e 3 de marzo de 2021, ditou, entre outros, os seguintes ACORDOS de resolución das reclamacións presentadas e novas puntuacións do primeiro exercicio da oposición, teórico tipo test, realizado o 06/02/2021:

1.- Reclamacións á PREGUNTA 2 presentadas por Broullón Durán, Gonzalo; De la Fuente Iglesias, Juan José; Escaneo Maciñeiras, Lucas; Prieto Araujo Marcos.

Motivos sucintos: Non se pode dar por válida a opción a) existindo a resposta d) con invocación de diversos manuais CEIS Guadalajara, Libro Rojo del Bombeiro. Solicitan que se substitúa pola de reserva / que se considere como resposta correcta a d)

Acordo: Soamente a resposta a) recolle os factores topográficos que determinan o comportamento dun incendio forestal tal e como sinalan os manuais bibliográficos da materia (manual de incendios CEIS Guadalajara, Parte 6. apartado 3.1.2.). Ademais, nas respostas b) e c) inclúense factores que non só son topográficos.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestimar as reclamacións.

2.- Reclamacións á PREGUNTA 4 presentadas por Alonso Canteli, Guillermo; Álvarez Moreira, Jacobo; Álvarez Muñiz, Lucas, Arias Penas, Daniel; Beiras Becerra, Alejandro; Blanco Casás, Iago; Broullón Durán, Gonzalo; Bueno García, Daniel; Calviño Gómez, Iván; Carballo Camino, Alberto; Castro Barreiro, Adrián; Dehesa Suances, Rubén; Díaz Ruiz, Domingo; Escaneo Maciñeiras, Lucas; Fernandez Mateo, Pedro; Fernández Tallafigo, Santiago; Figueirido Peixoto, Rubén; Gómez Novoa, Rubén; González Carrera, Samuel; Lameiro Couto, Carlos; López García, Diego; López Rosello, Jorge; Martínez Blanco, Miguel Angel; Moledo Filgueira, Alejandro; Morcillo Barrientos, Vicente; Morín Jiménez, Antonio; Niñe Otero, David; Noya Pena, Gustavo; Pampín Iglesias, David; Pedreira Guerrero, Unai; Peleteiro Rey, Anxo; Pérez Correa, Alexandre; Prieto Araujo, Marcos; Prieto Rivas, Javier; Rodríguez Alvarez, Raúl Miguel; Rodríguez Freitas, Antonio; Rodríguez Paz, David; Rodríguez Rodríguez, Iago; Rodríguez Vidal, Daniel; Rosales Carazo, Adrián; Ucha Martinez, Ezequiel; Villaverde Parada, Yago.

Motivos sucintos: Alegan que a medida ``mmd`` non pertence ó Sistema Internacional de Unidades de Medida, ademais alegan que o tribunal considera como resposta correcta a opción c) e que segundo a norma UNE 23904-86 de aplicación non sería correcta. Solicitan que se anule a pregunta / que se considere válida a opción d).

Por último, os alegantes defenden que a normativa UNE establece tan só os mínimos, para deste modo xustificar como correcta a resposta a).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 1 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Acordo: A pregunta foi extraída do manual de incendios do CEIS Guadalajara e no que se observa que hai un erro porque ningunha resposta coincide co establecido na normativa de aplicación. A NORMA UNE 23904-86 determina literalmente que “*un autobomba urbano pesado disporá das saídas de impulsión seguintes: 2x70 mm / 2x45 mm / 1/25 mm.*” En ningún momento a norma nomea as palabras máximo/s ou mínimo/s en relación ás saídas de impulsión.

Polo que ningunha das respostas sería correcta, debendo anularse a pregunta, incorporando no seu lugar a pregunta de reserva número 51.

Por tanto, o órgano de selección acorda estima-las reclamacións presentadas en canto se refiren a anular a pregunta 4 e incorporar no seu lugar a pregunta de reserva número 51, e desestimalas nos demais aspectos.

3.- Reclamacións á PREGUNTA 7 presentadas por González García, David; Martínez Blanco, Miguel Ángel; Martínez García, Bruno; Rodríguez Díaz, Ramón; Rodríguez Rodríguez, Yago:

Motivos sucintos: O tribunal considerou como resposta correcta a opción c), pero atendendo ó CTE SE AE Cimentación, no seu punto 6, os muros de contención non son elementos de cimentación, polo que a dita opción non sería correcta, sendo máis correcta a a opción a). Alegan que se dá por válido que o papel fundamental dos muros de contención é conter terras, pero que tamén poden conter o vacío, unha piscina con ou sen auga. Alega citando a definición do dicionario da RAE de “contención” que non se inclúe no seu significado a carga e tal como está formulada a pregunta, a resposta idónea sería a opción a).

Solicitan que a resposta correcta sexa a opción a) / que se anule a pregunta

Acordo: O Código Técnico da Edificación no seu Documento Básico Seguridade Estrutural - Cimentos (DB-SE-C), apartado 6.1.2., recolle os muros de contención como elementos de cimentación, polo que a resposta correcta é claramente a da opción c). Este documento ten a súa última actualización no Rd 732/2019, onde claramente se expoñen os muros de contención dentro do documento específico de cimentos. Así se recolle na bibliografía, entre outra, “Manual de Incendios CEIS Guadalajara” e “Fenómenos Naturales y Antrópicos” da Editorial GPS.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións.

4.- Reclamacións á PREGUNTA 8 presentadas por Entrialgo Pereira, Jorge; Fernández Tallafigo, Santiago; González García, David:

Motivos sucintos: O tribunal considera correcta a opción c), e atendendo á física das palancas como máquinas simples, a maior cantidade de cable no torno, maior radio de palanca deste polo que se aplica máis forza.

O enunciado da pregunta indica vantaxe mecánica que é unha magnitude adimensional e non capacidade de arrastre, polo que a resposta correcta debería ser a d)

Solicitan que se considere resposta correcta a opción b) / que se considere a resposta correcta a opción d) / que se considere resposta correcta a opción a) /

Acordo: A vantaxe mecánica dun cabrestante ven dada pola relación entre os seus radios  $V_m=R/r$ , sendo R o radio da manivela (no cabrestante eléctrico permanece fixa), e r o radio de xiro ou radio do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 2 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

tambor, polo que segundo o cable se vai enrolando r aumenta, diminuindo a vantaxe mecánica. Esta información pode ser contrastada no manual "Operaciones de Salvamento" en Editoral GPS.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións.

5.- Reclamacións á PREGUNTA 9 presentadas por Carballo Camiño, Alberto; Moledo Filgueira, Alejandro; Pedreira Guerrero, Unai; Pérez Vázquez, Joshua; Prieto Araujo, Marcos.

Motivos sucintos: O tribunal considerou resposta correcta a opción d), pero de conformidade co artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a opción c) sería correcta.

As respostas das opcións b) e c) poderían ser correctas con fundamento no citado artigo 20 da LRBRL.

Solicitan que se considere correcta a opción c) / que se anule a pregunta ó ter dúas opcións válidas.

Acordo: O enunciado da pregunta é claro está formulada co tenor literal do artigo 20, apartado 1., da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL). O que está enunciando a pregunta son as "regras" ás que responde a organización municipal conforme ó citado precepto. E as regras que establece o mencionado artigo para toda organización municipal son que: a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios, non só nos de máis de 80.000 habitantes; a Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello, e non só nos de máis de 12.000 habitantes.

En consecuencia, a resposta correcta segundo está formulado o enunciado da pregunta é a da opción d).

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións.

6.- Reclamación á PREGUNTA 10 presentada por Rodríguez Rodríguez, Yago:

Motivos sucintos: O tribunal considera resposta correcta a da opción c), pero o halón 1301, a súa presión de vapor a temperatura ambiente é suficiente para que sala propulsado por sí mesmo do recipiente onde se encontre almacenado.

Acordo: Só os extintores de CO<sub>2</sub> (dióxido de carbono) non empregan ningún tipo de propelente na súa aplicación, o resto de extintores deberán estar dotados dun axente propulsor pola súa diferenza nas propiedades "gaseosas"... como ven no ítem do cuestionario 16, pregunta 5, no texto "Preguntas para Bomberos. Volumen II" de Ignacio Méndez-Trelles del Tejo, onde, tamén, se fala de que o Helio figura nunha norma UNE-EN-7:2004+A1:2008, como un posible axente propulsor e non o menciona como extintor como é o caso do CO<sub>2</sub>.

No texto do RIPCI, os extintores de CO<sub>2</sub> figuran na táboa I-1 do Apéndice 1 expresamente aplicada no CTE así como no RESCIEI, para cada clase de lume.

Os extintores de halón 1301: á vista do Regulamento (CE) 1005/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de setembro de 2009, sobre as substancias que agotan a capa de Ozono(1), e, en particular, no seu artigo 13, apartado 2, considerando que o halón 1301, o halón 1211 e o halón 2402 son substancias que agotan a capa de ozono e dende 1994 están reguladas e prohibidas a fabricación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 3 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

nos estados membros segundo figura no grupo III do anexo I, e teñen unha prohibición expresa por danar a capa de ozono, debendo ser substituídos por axentes extintores que non danen o medio ambiente ...

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións.

7.- Reclamacións á PREGUNTA 12 presentadas por García Santos, Daniel:

Motivos sucintos: Polo xeito no que están redactadas tanto a pregunta como a resposta, estase dando a entender que a normativa UNE 1846-1, tan só trata dos vehículos urbanos, e non do resto de categorías dos vehículos.

Acordo: A pregunta é sobre a norma UNE-EN 1846-1 que no seu apartado 4 está adicado en exclusiva á clasificación das categorías dos vehículos, no que se sinala: Categoría 1 urbano, Categoría 2 rural, Categoría 3 todo terreo, polo que a única resposta verdadeira e correcta é a da opción a). Sen negar que a norma abrangue mais termos, neste caso estase a preguntar polas categorías dos vehículos recollidas nun apartado específico da norma. É unha pregunta corta e concisa que utiliza as mesmas verbas e expresións recollidas na norma.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións

8.- Reclamacións á PREGUNTA 19 presentadas por: Arias Penas, Daniel; Broullón Durán, Gonzalo; Mayo Giraut, Brais; Rivero Vila, Pablo; Rodríguez Freitas, Antonio:

Motivos sucintos: Alegan que a forma de propagación sería radiación, convección e conducción. Alegan unha segunda clasificación segundo o estrato vexetativo polo que se propaga o incendio. Solicitan que se substitúa por unha de reserva / que tamén sería válida a resposta d).

Acordo: A forma de propagarse un incendio forestal é de forma circular, elíptica e irregular e así ven establecido na bibliografía máis usual sobre a materia. Entre outra, "Control e Extinción de Incendios" editorial GPS. Parte 6 Manual de Incendios: Parte 6 incendios de vexetación, apartado 1.6., CEIS Guadalajara.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións.

9.- Reclamacións á PREGUNTA 26 presentadas por: Álvarez Muñiz, Lucas; Díez Jiménez, Gerardo; Fernández Medín, Manuel Antonio; Fernández Tallafigo, Santiago; Figueirido Peixoto, Rubén; Martínez Lemos, Pablo; Pereiro Collado, Félix; Polo Vigil, Estefanía; Robles Campo, Alberto; Rodríguez Álvarez, Raúl Miguel; Rodríguez Rial, Brais; Ucha Martínez, Ezequiel; Villaverde Parada, Yago.

Motivos sucintos: O tribunal considerou resposta correcta a opción a), pero esta opción sería correcta se unicamente se ten en conta a presión hidrostática. Debería terse en conta, tamén, a presión atmosférica e con esta consideración ningunha das contestacións sería correcta, sendo en todo caso a máis próxima a b).

O mesmo que se simplifica a densidade a 1.000 kg/cm<sup>3</sup>, podería simplificarse o valor de g a 10m/s<sup>2</sup> e a opción correcta sería a b).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 4 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Solicitan que se considere correcta a opción b) / que se anule a pregunta ao non ser correctas ningunha das opcións.

Acordo: A redacción da pregunta pode dar lugar a confusión ao non quedar claro o tipo de presión ó que se refire (presión absoluta, presión hidrostática), polo que procede anular a pregunta, incorporando a de reserva.

Por tanto, o órgano de selección acorda estima-las reclamacións presentadas en canto se refiren a anular a pregunta 26 e incorporar no seu lugar a pregunta de reserva número 52, e desestimalas nos demais aspectos.

10.- Reclamacións á PREGUNTA 27 presentadas por: Alonso Canteli, Guillermo; Álvarez Moreira, Jacobo; Broullón Durán, Gonzalo; Castro Barreiro, Adrián; Moledo Filgueira, Alejandro; Pedreira Guerrero, Unai; Rosales Carazo, Adrián:

Motivos sucintos: A norma UNE 1846-1 sobre a que está redactada a pregunta remite a outras 3 normas [UNE 14043/14044 e UNE 1777] que tratan especificamente os vehículos de altura. Na norma UNE 14043 recóllese a “escalera pivotante” reclamando así como válida a resposta c).

Acordo: A pregunta está redactada literalmente sobre la Norma UNE 1846-1 e a única resposta que se axusta á literalidade da referida norma que sinala “camións de alta elevación” é a resposta d). As normativas UNE 14043/14044 e 2777 fan referencia a “medios elevadores aéreos”, nunca se menciona a expresión “camión de alta elevación”. Enténdese que se a pregunta ten como base unha norma específica a resposta tamén debe ter a súa argumentación na mesma norma, máxime cando nas outras normas utilízanse termos totalmente diferentes ós expresados na pregunta.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións presentadas.

11.- Reclamacións á PREGUNTA 30 presentadas por: Álvarez Moreira, Jacobo; Broullón Durán, Gonzalo; De la Torre Ferreira, Raúl; Diaz Ruiz, Domingo; Fernandez Mateo, Pedro; Figueirido Peixoto, Rubén; Martínez Blanco, Miguel Ángel; Moledo Filgueira, Alejandro; Pampín Iglesias, David; Pedreira Guerrero, Unai; Pereiro Collazo, Félix; Robles Campo, Alberto; Rodriguez Freitas, Antonio; Rodriguez Paz, David; Rodríguez Rial, Brais; Rodríguez Vidal, Daniel; Suárez Dapena, David.

Motivos sucintos: Alegan que hai seis tácticas de contención do lume segundo o Manual de Incendios do CEIS Guadalajara, polo que sería válidas as respostas das opcións a), b) e c). Alegan que as formas poderían ser directo, indirecto o combinado. Alegan que o enunciado da pregunta non fai referencia á chegada da fronte que ameaza a estrutura e atendendo a ese criterio a resposta correcta sería a da opción b). Solicitan que se anule a pregunta xa que tería varias respostas correctas.

Acordo: A redacción da pregunta xera ambigüidade porque non se precisa se son tácticas de contención do lume ante a chegada da fronte ou ben son tácticas para a defensa das estruturas, polo que procede anular a pregunta e incorporar a seguinte de reserva.

Polo tanto, o órgano de selección acorda estima-las reclamacións presentadas en canto se refiren a anular a pregunta 30 e incorporar no seu lugar a pregunta de reserva número 53, e desestimalas nos demais aspectos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 5 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

12.- Reclamacións á PREGUNTA 31 presentada por: Martínez Lemos, Pablo; Rodríguez Díaz, Ramón.

Motivos sucintos: A resposta b) tamén podería ser correcta, pois, a excedencia forzosa contéplase na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (artigo 29, apartado 6) e cita enlace á páxina web "noticias.juridicas").

Tamén, o Rd 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civiles da Administración Xeral do Estado contempla a excedencia forzosa.

Acordo: O enunciado da pregunta estaba planteado conforme ó previsto no artigo 89 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TRLEBEP), que contempla como modalidade de excedencia dos funcionarios públicos a resposta da opción c), e ningunha das que se indican nas outras opcións de resposta.

Non obstante, o enunciado da pregunta non fai referencia ó TRLEBEP polo que os aspirantes puideron contestar tendo en conta esa ou outras normas reguladoras na materia. Tamén, o temario da oposición no que se encadraría dita pregunta, Tema 3 da Parte Xeral, non fai referencia a ningunha norma concreta, se non que se refire a situacións administrativas dos funcionarios en xeral. Tampouco menciona a funcionarios concretos dunha administración -local, estatal, ... -.

A disposición derogatoria única do TRLEBEP sinala que quedan derogados co alcance establecido no apartado 2 da disposición final cuarta, entre outros artigos, o artigo 29 a excepción do último parágrafo dos seus apartados 5, 6, e 7 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

A disposición final cuarta, apartado 2, do TRLEBEP establece que "ata que se ditén leis da Función Pública e as normas regulamentarias de desenvolvemento, manteranse en vigor en cada Administración pública as normas vixentes sobre ordenación, planificación e xestión de recursos humanos en tanto non se opoñan ó establecido no Estatuto".

En aplicación desta disposición final cuarta do TRLEBEP, a Resolución de 21 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican instrucións, de 5 de xuño de 2007, para a aplicación do Estatuto Básico do Empregado Público no ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos (BOE 23/06/2007), considera vixente o artigo 29 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, en tanto en canto non se ditén as leis de función pública, polo que a día hoxe estaría en vigor. No mesmo sentido os repertorios de lexislación como La ley Digital, Noticias Jurídicas, manteñen a vixencia do citado precepto.

O artigo 29.6. da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, contempla a excedencia forzosa como situación administrativa dos funcionarios públicos e, tamén, o artigo 2.e) do Real decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Por último, o TRLEBEP deixa vixentes o último parágrafo dos seus apartados 5, 6, e 7 do artigo 29 da citada Lei 30/1984, de 2 de agosto, que se refire ó órgano competente na administración do estado para declarar a situación de excedencia forzosa.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 6 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

En consecuencia, o non incorporar o enunciado da pregunta referencia a ningún lei en concreto, existía a posibilidade de dúas respostas correctas a da opción b) e da opción c).

Por tanto, o órgano de selección acorda estima-las reclamacións presentadas en canto se refiren a anular a pregunta 31 e incorporar no seu lugar a pregunta de reserva número 54, e desestimálas nos demais aspectos.

13.- Reclamacións á PREGUNTA 34 presentada por: García Santos, Daniel.

**Motivos sucintos:** Alega que serían válidas as respostas b) e d), sendo esta última máis completa. Solicita que se considere correcta a opción d).

**Acordo:** O opositor alega que serían válidas tanto a opción b) como a d). Non obstante, o Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, no seu anexo I, sección 1ª, apartado 4, punto 4 di:

*“4. El emplazamiento de los extintores permitirá que sean fácilmente visibles y accesibles, estarán situados próximos a los puntos donde se estime mayor probabilidad de iniciarse el incendio, a ser posible, próximos a las salidas de evacuación y, preferentemente, sobre soportes fijados a paramentos verticales, de modo que la parte superior del extintor quede situada entre 80 cm y 120 cm sobre el suelo.”*

En consecuencia, a opción d) no es correcta, pois propón que a parte superior quede situada entre 60 cm e 120 cm, o que non coincide co establecido na norma.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestimar a reclamación.

14.- Reclamacións á PREGUNTA 35 presentadas por: Díez Jiménez, Gerardo; Fernández Tallafigo, Santiago.

**Motivos sucintos:** Para que se cumpra a lei de Charles a presión ten que ser constante, condición que se tiña que ter expresada na redacción da pregunta.

**Acordo:** Aceptando que a presión é constante, a definición literal da lei de Charles establece que o volume é directamente proporcional á temperatura do gas, non axustándose ningunha das outras respostas a esta definición. A mesma literalidade da pregunta e a resposta veñen recollidas no enunciado da definición da lei de Charles do manual de editorial GPS, capítulo 19 “Física aplicada para bomberos”, e tamén no “Manual de riesgo tecnológico y ayudas técnicas” na súa parte 7ª adicada a riscos NRBQ [paxina 455] do servizo C.E.I.S. Guadalajara.

15.- Reclamacións á PREGUNTA 37 presentadas por: Rodríguez Paz, David; García Santos, Daniel.

**Motivos sucintos:** O tribunal considerou resposta correcta a opción c), pero non todas as naves industriais teñen naves colindantes. O maior problema é que se veña abaixo polo sobrequeamento das estruturas portantes, por determinados esforzos de empurre e dilatación, debido a que o aceiro ao chegar a determinada temperatura pode converterse nun material moldeable, polo que a opción válida sería a d).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 05/03/2021 16:43

Páxina 7 de 21

Expediente 36846/220

CSV: 24E5DE-A1418B-ADDC5C-N1KZJ5-VVQ7N5-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

A pregunta é ambigua xa que non pregunta polo maior problema dos tres, senón en xeral, non tendo en conta as vidas humanas, a prioridade é salvar vidas non que se propague a naves colindantes, polo que a opción válida sería a d).

Solicitan que se considere correcta a opción d) / que se anule a pregunta.

**Acordo:** O Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais aprobado polo Rd 2267/2004, de 3 de decembro, no Anexo 1, indica que os establecementos industriais caracterízanse pola súa configuración, emprazamento respecto ó entorno, así como polo seu nivel de risco intrínscico. Na táboa 2.1. Máxima superficie construída admisible de cada sector de incendio, prohibese para os establecementos de tipo A, un risco intrínscico do sector de incendio que sexa alto. Esta prohibición é independente da distancia do parque de bombeiros ou do tipo de sistema de protección contra incendios do que se dispoña. Isto responde a que o maior problema que podemos atopar nos incendios en naves industriais é a propagación a naves colindantes.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-las reclamacións.

